

TALLERES DE LECER

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Do 2 ao 19 de xullo de 2019

Este verán o CGAC ofrece diferentes talleres creativos para nenos e nenas de idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos.

Os rapaces e rapazas que participen nestes talleres de lecer poderán experimentar e coñecer algunhas das claves da arte contemporánea, adquirir ferramentas para a creación, estratexias artísticas, reflexionar sobre a arte e, sobre todo, gozar co proceso.

As educadoras Candela Rajal e Lara Torres dirixirán tres talleres plásticos a partir da exposición *Pouco a pouco*, de Ângela Ferreira, e da mostra colectiva *We Refugees*.

Crearemos esculturas, instalacións e traxes, interviremos a natureza e pintaremos sobre a paisaxe. Adentrarémonos na arte postal e na cartografía desde unha óptica creativa. E iso todo empregando como marco diferentes espazos da arquitectura de Álvaro Siza Vieira e da súa contorna, como a cuberta do edificio ou os xardíns do parque de Bonaval.

Planeta invisible

Do 2 ao 5 de xullo
Horario: de 11:00 a 12:30 h
Dirixe: Lara Torres
Para nenos e nenas de 4 a 6 anos
Prazas: 15

O espazo do taller converterase nun mundo no que refuxiarnos. Será un universo que apareza e desapareza segundo a luz coa que o miremos. Podería desaparecer o mundo que coñecemos? Por que?

Os nenos e nenas realizarán unha paisaxe invisible que só se poderá percibir con luz ultravioleta. Ademais precisaremos refuxios para facer comfortable e seguro este novo planeta no que nos atopamos.

Construiremos pequenas cabanas e *kits* de supervivencia e imaxinaremos e modelaremos os pequenos habitantes do planeta invisible.

Viaxe africana

Do 9 ao 12 de xullo
Horario: de 11:00 a 13:00 h
Dirixe: Candela Rajal
Para nenos e nenas de 7 a 9 anos
Prazas: 20

Partiremos da exposición da artista mozambicana Ângela Ferreira *Pouco a pouco*, centrada na cultura africana e no colonialismo.

Realizaremos unha pequena viaxe a África para coñecer o traballo de diferentes artistas deste continente. Crearemos esculturas, instalacións e traxes. Pintaremos sobre a paisaxe e interviremos a natureza. Internarémonos no mundo da arte postal e a cartografía creativa e enfrontarémonos a novos mundos nos que debemos refuxiarnos.

Todas as actividades deste taller estarán vinculadas á arte africana, ás súas cores, materiais e relatos.

INSCRICIÓN

Todos os talleres son de balde.

As solicitudes de inscrición poderán presentarse a través do enderezo electrónico cgac.educacion@xunta.gal e deberán conter os seguintes datos: nome completo e idade da persoa ou persoas participantes, número de teléfono, enderezo de correo electrónico e título do taller no que desexan inscribirse.

Para participar nos talleres é imprescindible ter a idade sinalada. Poderase inscribir un máximo de dous participantes por solicitude. O CGAC confirmará mediante un correo electrónico a recepción e o estado das inscricións.

Saír a flote

Do 16 ao 19 de xullo

Horario: de 11:00 a 13:00 h

Dirixe: Lara Torres

Para nenos e nenas de 10 a 12 anos

Partiremos do seguinte suposto: os polos derretéronse e nós atopámonos nun mundo asolagado. Todas as persoas superviventes somos refuxiadas e temos que convivir nun mundo sen fronteiras.

Construiremos os nosos refuxios adaptados ao medio. Un mundo de casas flotantes capaces de navegar e de vivendas subacuáticas que debemos construír cos materiais que atopemos á deriva.

Crearemos paisaxes mariñas e submarinas para proxectalas sobre as construcións e recrear o aspecto deste novo contexto vital.

Este mundo precisa de novas leis, poñámolas.

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/631

cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia